

1. H-Ai, un día que pola tarde  
María da Canceliña  
‘taba seghando na i-herba  
no prado da Fonteliña  
cadrou que na mesma i-hora  
Andrés da Recortadiña  
de bota-la auga tras ver [?]   
o qu’ arrimao lao dela tiña.
2. Dende da cima do prado  
díxolle con cobardía:  
–Quer’s que che vaia axudar-e  
a ‘rghe-la i-herba, María?  
–Por d’agora douche gracias  
qu’ inda teño sin seghar-e  
i-e ti vas tan apurado  
e non queres esperar-e.
3. –Eu ‘stando á túa beira  
nunca che estou apurado  
que ti é-la que me tes-e  
o meu corazón roubado.  
–O teu corazón Andrés-e  
te-lo no peito encerrado  
para dar a quen ti queiras  
para min n’o tes ghardado.
4. –Non quererás ser ti dona,  
quizais do meu corazón  
pero eu heite de qu’rer-e  
que ti me queiras, que non.  
–Andrés, non seias bribón-he  
non veñas con trafalladas  
que sin duda ti vas ter-e  
rapazas máis estimadas.
5. –Máis estimadas que ti-e  
n’as teño no mundo enteiro  
que se non caso contigho  
conta que quedo solteiro.  
–Como me eu vou a crier-e  
que me tes tanto cariño,  
se pa casa de meus pais-e  
nunca atinache o camiño?
6. –Antes de ir xunt’ a teus pais-e  
tiña que falar contigo  
non sabía se ti qu’rías  
tomar amores comigo.  
–Tomar amores contigho  
pa min sería unha fortuna  
se non repartes amores  
con outra nena ningunha.
7. –De lle ter cariño a outra  
nunca formei ilusión  
a ti quixera traerte  
ó par do meu corazón.  
–Pois se é que tanto me queres  
boa palabra che hei dar-e  
antes de eu faltarche a ti-e  
ha faltar augha no mar-e.
8. –Pois eu tamén che aseguro  
miña prenda reghalada  
que en canto eu viva no mundo  
non quero outra nãmorada.  
–Bueno, pois, se cho parece  
sea ben que nos marchemos  
e mañán á mesma i-hora  
xuntarnos aquí podemos.
9. Marchárons’os nãmorados  
con contento e alegría  
mais xa quedaron citados  
pra volver ao outro día.  
Ao outor día, María  
cando a mandaron a i-herba  
non se lle vían pousar-e  
os pés na terra siquiera.
10. A su afán solo era  
de chegar axiña ao prado  
pa contarlle o que sufría  
de noite ao seu camarado.  
A beixa-lo pasadoiro  
xa veu a Andrés de contado  
reghañando as moas, rindo  
xunto ao salgheiro deitado.
11. Tirou María a fouciña  
a mailo cesto pra un lado  
e díxolle ao perillán-he:  
–Ti estás ben descansado!  
–Nin por eso, Mariiña  
i a pesar de estar deitado  
non penses que estou contento  
sin tert’ a ti ao meu lado.
12. –Ai, Andrés, cala por Dios!  
que eu non sei qu’ha ser de min  
en toda a noite pasada  
siquiera cousa dormín.  
–Logho douche algunha volta  
i-ou reghañaron contigho  
ou dixéronlle a teus pais-e  
que te enredaras comigho.
13. –Nada de eso, meu amigho  
pero Andrés, cala por Dios!  
pensando na nosa vida  
que eu non sei qu’ha ser de nós.  
–Pois eu non che penso nada  
tan certo como cho digho  
eu si algo se m’ acorda  
éche casarme contigho.
14. –Pois eso que eu digho  
hai que facelo de contado  
e as cousas moi presumidas  
nunca dan bo resultado.  
–Sentat’ aquí ao meu lado  
entre os dous acordaremos  
en que tempo che parece  
que é mellor que nos casemos.
15. –Ó teu lado non me sento  
por qu’o demo éche tendeiro  
e se cadra sin pensar-e  
prende o lume no chispeiro.  
–Válghate Dios, Mariiña  
xa desconfías de min-he  
eu que sepa, Canceliña,  
i-en nada te ofendín-he.
16. –Pero o lume xunt’ á estufa  
hai que ter moito coidado  
porque s’o demo lle sopla  
prende nela de contado.  
–Non teñas tanta presión-he  
séntat’ aquí ao meu lado  
o pau qu’ ha de ser carbón-he  
xa naceu pra ser queimado.
17. –Tamén eu nacín pra ti-e  
seghún eu teño pensado  
pero non pra, de solteira  
armarlle o melro nun prado.  
–Logho pa que me dixeches,  
María do meu corazón-he  
que [den] desde ont’ á tarde  
estas á miña disposición-he?
18. –Pero non pra i-estas cousas  
en canto non nos casemos  
que se m’o saben meus pais-e  
dánme unha tunda dos demos.